


Traballo Social  
educativo



## Manifesto de Apoio folga 26 outubro 2024

O Colexio profesional de traballo social de Galicia quere manifestar o seu completo apoio á comunidade educativa na **manifestación do vindeiro 26 de outubro do 2024**, ás 12 horas na alameda de Compostela, con motivo dos recortes que está sufrindo o sistema educativo. Convocada pola **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público** ante o deterioro do ensino público galego pola falta de profesorado e recursos, afectando a todas as etapas educativas.

Unímonos e sumámonos ás reivindicacións ante un inicio do curso escolar en Galicia que puxo de manifesto unha realidade preocupante: a **falta de profesionais cualificadas/os para atender as necesidades sociais do alumnado** nos centros educativos e a **eliminación das prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos** que deixa desprotexido ao alumnado máis vulnerable, incrementando o risco de exclusión social e dificultando a atención integral que precisan moitas familias.



*“Non se trata só de reivindicar prazas, senón de asegurar que a escola sexa un espazo seguro e de apoio para todo o alumnado, especialmente para quen máis o necesita” COTS Galicia*

